



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

**MATEMÁTICAS**

CURSO:

**6º EP**

ANO ACADÉMICO:

**2020/21**

## ÍNDICE

1.	CONTEXTO.....	3
	• CENTRO.....	3
	• ALUMNADO.....	4
	• OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO.....	4
2.	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	5
2.1.	PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.....	5
2.2.	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	6
	• 1ª avaliación.....	6
	• 2ª avaliación.....	8
	• 3ª avaliación.....	9
3.	METODOLOXÍA PRESENCIAL.....	10
	• Aspectos xerais.....	10
	• Estratexias metodolóxicas.....	11
	• Exemplo de secuenciación de traballo na aula.....	11
	• Outras decisións metodolóxicas.....	12
	• Agrupamentos.....	12
	• Tempos.....	12
	• Espazos.....	12
4.	METODOLOXÍA NON PRESENCIAL.....	12
4.1.	Plataforma de ensino.....	12
4.2.	Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia.....	13
4.3.	Plataforma/medio de comunicación coas familias.....	13
4.4.	Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade.....	13
4.5.	Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade.....	13
5.	AVALIACIÓN.....	14
5.1.	AVALIACIÓN INICIAL.....	14
5.2.	AVALIACIÓN CONTINUA.....	15
	• Criterios de avaliación.....	16
	• Instrumentos de avaliación.....	36
6.	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	36
7.	AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	42
7.1.	INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO.....	42
7.2.	INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE.....	43
8.	AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	43
	• Periodicidade coa que se revisará.....	43
	• Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.....	43
	• Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.....	43
	• Indicadores.....	45
9.	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	45
9.1.	MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS.....	45
10.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	46
11.	CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	46
	• Proposta mención honorífica.....	47

## 1. CONTEXTO

- **CENTRO:**

### **Situación:**

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

### **Centro adscrito:**

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

### **Ensinanzas que oferta:**

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumnado pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

### **Características singulares:**

#### **Programas nos que participamos:**

- E-dixgal
- Aula virtual
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en práctica en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- **ALUMNADO**

**Poboación inmigrante:**

No último ano recibimos varias matrículas procedentes de Sudamérica sobre todo de Venezuela, URUGUAY e Brasil. No caso de 6º de primaria, temos alumnado de Vietnam, Uruguay, Cabo Verde, unha alumna procedente da comarca do Salnés que se incorporou a comezos do curso pasado e un alumno que procede de Madrid e se incorporou neste curso. En total son 44 alumnos matriculados en sexto nivel.

**Alumnado con NEAE no curso actual:**

O ACNEAE do nivel destacan sobre todo problemas de aprendizaxe (8 casos), TDAH (4 casos) e problemas de conducta (1 caso).

O alumnado é atendido, tanto dentro como fóra da aula de referencia, pola especialista de PT. Grazas a este apoio en cada titoría pódese dar unha maior resposta educativa a todo o alumnado diagnosticado .

**Outras características:**

Cabe destacar a xuntanza de dous mellizos na mesma clase neste curso debido a situación actual do COVID 19.

- **OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN**

### **2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.**

Os non traballados/acadados no curso 19/20 son:

No curso 19/20 non quedaron estándares imprescindibles sen acadar/traballar, se ben quedaron algúns non imprescindibles:

- Os pertencentes ao Bloque 4: Xeometría.
- Os pertencentes ao Bloque 5: Estatística e probabilidade.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

## 2.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

O bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas traballarase de xeito continuado ao longo de todo o curso. Abrangue os seguintes contidos:

- 2.3 B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.
- 2.4 B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.
- 2.5 B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.
- 2.6 B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.
- 2.7 B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.
- 2.8 B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.
- 2.9 B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.
- 2.10 B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.
- 2.11 B1.5. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

### 1ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS  BLOQUE *1 e 2	Material de referencia	Temporalización	
			Mes	Número de sesións
			9-12	
Os números naturais.	B2.1. Números enteiros, decimais e fraccións. B2.2. A numeración romana. B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números. B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras. B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc. B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números. B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc. B2.18. Estimación de resultados. B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas. B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais. B2.21 Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división. B2.23. Identificación e uso dos termos propios da división. B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma,	Editorial Netex	Aproximadamente 2 semanas para cada unidade traballada (10 sesións).	

	<p>resta, multiplicación e división.  B2.33. Resolución de problemas da vida cotiá.  B2.34. Automatización de algoritmos.  B2.35. Descomposición de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa.  B2.37. Construción de series ascendentes e descendentes.  B2.42. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.  B2.44. Resolución de problemas da vida cotiá.  B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.</p>		
<b>2. Divisibilidade</b>	<p>B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade.  B2.23. Identificación e uso dos termos propios da división.  B2.38. Obtención dos primeiros múltiplos dun número dado.  B2.39. Obtención de todos os divisores de calquera número menor de 100.  B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.</p>		
<b>Potencias</b>	<p>B2.18. Estimación de resultados.  B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.  B2.22. Potencia como produto de factores iguais. Cadrados e cubos. Potencias de base 10.  B2.42. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.  B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.</p>		
<b>Números enteiros</b>	<p>B2.10. Números positivos e negativos.  B2.11. Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.  B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.  B2.18. Estimación de resultados.  B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.  B2.23. Identificación e uso dos termos propios da división.  B2.33. Resolución de problemas da vida cotiá.  B2.37. Construción de series ascendentes e descendentes.  B2.42. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.  B2.44. Resolución de problemas da vida cotiá.  B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.</p>		

## 2ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS  BLOQUE *1 e 2	Material de referencia	Temporalización	
			Mes	Número de sesións
Números decimais.	<p>B2.1. Números enteiros, decimais e fraccións.</p> <p>B2.6. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.</p> <p>B2.7. O número decimal: décimas, centésimas e milésimas.</p> <p>B2.9. Os números decimais: valor de posición.</p> <p>B2.13. Redondeo de números decimais ás décima, centésima ou milésima máis próxima.</p> <p>B2.14. Redondeo de números naturais ás decenas, centenas e millares.</p> <p>B2.18. Estimación de resultados.</p> <p>B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.</p> <p>B2.25. Operacións con números decimais. B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.</p> <p>B2.33. Resolución de problemas da vida cotiá.</p> <p>B2.34. Automatización de algoritmos.</p> <p>B2.35. Descomposición de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa.</p> <p>B2.37. Construción de series ascendentes e descendentes.</p> <p>B2.40. Descomposición de números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.</p> <p>B2.42. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.</p> <p>B2.44. Resolución de problemas da vida cotiá.</p> <p>B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.</p>	Editorial Netex	Aproximadamente 2 semanas para cada unidade traballada (10 sesións).	
Fraccións.	<p>B2.1. Números enteiros, decimais e fraccións.</p> <p>B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica.</p> <p>B2.12. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo.</p> <p>B2.15. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador.</p> <p>B2.16. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións.</p> <p>B2.18. Estimación de resultados.</p> <p>B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.</p>			
Operacións con fraccións.	<p>B2.24. Operacións con fraccións.</p> <p>B2.33. Resolución de problemas da vida cotiá.</p> <p>B2.42. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.</p> <p>B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.</p>			



<p>Proporcionalidade, regras de 3 e porcentaxes.</p>	<p>B2.18. Estimación de resultados.          B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.          B2.27. Porcentaxes e proporcionalidade. B2.28. Expresión das partes utilizando porcentaxes.          B2.29. Correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.          B2.30. Aumentos e diminucións porcentuais.          B2.31. Proporcionalidade directa.          B2.32. A regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade.          B2.33. Resolución de problemas da vida cotiá.          B2.41. Cálculo de tantos por cen en situacións reais.          B2.42. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.          B2.44. Resolución de problemas da vida cotiá.          B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.</p>		
--	--	--	--

### 3ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
	<b>BLOQUE * 1, 2, 3, 4 e 5</b>				
Estatística	<p>B2.43. Utilización da calculadora.            B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.            B5.1. Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos.            B5.2. Construción de táboas de frecuencias absolutas e relativas.            B5.3. Iniciación intuitiva ás medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.            B5.4. Realización e interpretación de gráficas sinxelas: diagramas de barras, poligonais e sectoriais.            B5.5. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estadísticas.</p>				
Sistema sexagesimal	<p>B3.10. O sistema sexagesimal.            B3.11. O ángulo como unidade de medida dun ángulo.            Medida de ángulos.</p>				
Figuras planas	<p>B3.6. Comparación de superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.            B4.1. Posicións relativas de rectas e circunferencias.            B4.2. Ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...            B4.3. Sistema de coordenadas cartesianas. Descrición de posicións e movementos.            B4.4. A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas.            B4.5. Formas planas e espaciais: figuras planas:</p>				

	<p>elementos, relación e clasificación. B4.6. Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos.</p> <p>B4.7. Clasificación de cuadriláteros atendendo o paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos.</p> <p>B4.8. Concavidade e convexidade de figuras planas.</p> <p>B4.9. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.</p> <p>B4.10. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.</p> <p>B4.11. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.</p>		
Magnitudes.	<p>B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p> <p>B3.2. Realización de medicións.</p> <p>B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.</p> <p>B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude.</p> <p>B3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada.</p> <p>B3.7. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume.</p> <p>B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.</p> <p>B3.9. Equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.</p> <p>B3.12. Resolución de problemas de medida.</p>		

### 3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

- **Aspectos xerais:**

Este curso 2020/2021 continúase no nivel de sexto co **proxecto E-DIXGAL**. Aínda que o noso alumnado xa traballou con este proxecto o curso anterior, e non é un aspecto completamente novidoso, a adquisición de destrezas neste ámbito quedou incompleta co confinamento do curso pasado, polo que ao comezo de ste curso destínase certo tempo a explicar ou lembrar determinados aspectos que poden ser útiles tanto nun ensino presencial como a distancia: entrega de tarefas, conversión de arquivos, manexo de LibreOffice, etc.

As titoras, partindo dos recursos que ofrece a plataforma para cada unha das materias (editoriais NETEX, NETEX SMARTCLASSROOM, EDEBÉ, DIXIT e AULA PLANETA), escolleremos en cada unidade aqueles contidos que máis se axusten para acadar os estándares en cada área, así coma outros recursos dispoñibles no repertorio Abalar ou na rede, ou recursos de creación propia. De todos modos, partimos dunha primeira selección (véxase o apartado contidos deste documento), pero incorporamos en cada unidade información e actividades de diversas fontes.

- **Estratexias metodolóxicas**

Cada alumno levará todos os días o equipo para realizar tarefas extraescolares e estudar na súa casa e traerá todos os días o equipo cargado para poder seguir as clases no centro. As familias responsabilizaranse do correcto uso dos equipos e a súa custodia tal como queda recollido no marco deste proxecto.

Porén, sen esquecer que o noso alumnado está aínda na etapa da Educación primaria e ten que desenvolver destrezas básicas para as aprendizaxes presentes e futuras, e tomando como punto de partida as indicacións recollidas no marco lexislativo vixente (*vid.* Introducción), a programación docente desenvolverase a través dunha metodoloxía activa e participativa, na que o alumno ocupa un lugar central no proceso de ensino-aprendizaxe.

Procurarase fomentar unha aprendizaxe baseada na **manipulación, a aprendizaxe cooperativa, a teoría das intelixencias múltiples e aprender a pensar.**

- **Aprendizaxe partindo da manipulación:** utiliza a manipulación de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido desde o concreto.
- **Aprendizaxe cooperativa:** propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente.
- **Teoría das intelixencias múltiples:** busca adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao individuo flexibilidade e creatividade á hora de se enfrontar a novos retos.
- **Aprender a pensar:** mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de “pensar”. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

Ademais das anteriores estratexias metodolóxicas, potenciarase no alumnado a mecanización das ferramentas básicas nas diferentes áreas, a través de diferentes exercicios adaptados ás necesidades de cada alumno, a través de fichas ou de propostas das titoras no propio caderno do alumno.

- **Exemplo de secuenciación de traballo na aula**

O modelo de actividades que se propoñen nesta programación a través das unidades didácticas son variadas para dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe do alumnado e facilitarlle a adquisición dos diferentes tipos de contidos. Son motivadoras para espertar o interese e manter a atención. Desenvolveranse actividades de diferente tipoloxía: ➡ de iniciación - motivación, ➡ de explicitación de coñecementos previos (sérvenos de avaliación inicial), ➡ de reestruturación de ideas, ➡ de automatización

das aprendizaxes, ➡ de desenvolvemento ou aplicación de novas ideas, ➡ de revisión ou repaso, ➡ de reforzo ou recuperación, ➡ de ampliación e de avaliación.

- **Outras decisións metodolóxicas:**

Ao ser propia da etapa de Educación Primaria o ensino cíclico e en espiral, no que unhas aprendizaxes se van sustentando noutras, integraremos nos estándares de 6º aqueles de 5º que quedaron sen traballar/acadar, integrándoos dentro dos primeiros.

No caso da área que nos ocupa, Matemáticas, as titoras decidimos que os apartados de Estatística e Xeometría pasen a traballarse ao comezo do 3º trimestre, adiando o apartado relativo a Magnitudes, xa traballado dun xeito inicial no curso anterior.

- **Agrupamentos:**

Para desenvolver estas técnicas de aprendizaxe, será necesario agrupar aos alumnos en función do momento e da necesidade, e poderanse dispoñer de distintos modos, sempre tendo en conta as recomendacións sanitarias:

- Gran grupo
- Pequenos grupos: “equipos” (esta será a disposición do alumnado predominante durante todo o curso coa finalidade de desenvolver o traballo cooperativo).
- Parellas
- Individualmente

- **Tempos:**

A área Matemáticas conta con 5 sesións no horario semanal, repartidas ao longo da semana, tendo 2 sesións seguidas nun dos días.

- **Espazos:**

As clases de Matemáticas terán lugar fundamentalmente na aula, se ben estarán abertas á súa realización nalgunha outra zona do colexio, nunha visita a un museo, ou nalgunha saída, de xeito puntual.

#### **4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:**

- **Plataforma de ensino:**

Ao estar inmersos neste proxecto, empregaremos co alumnado de 6º a plataforma EVA- Edixgal.

- **Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia:**

Para as videoconferencias , empregaremos a plataforma CiscoWebex.

- **Plataforma/medio de comunicación coas familias:**

Para a comunicación coas familias empregaremos a plataforma CiscoWebex, a aplicación Abalar Móbil, o noso correo corporativo e, de ser o caso, algunha chamada telefónica..

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:**

O alumnado con conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal, na que se irán subindo os contidos, as explicacións e as tarefas ou recursos educativos necesarios en cada momento.

Os exercicios ou tarefas faranse de xeito online, podendo corrixilos a mestra telematicamente, ou ben enviando arquivos a través da modalidade tarefa.

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:**

O alumnado sen conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal na súa versión Offline, a través da cal xa descargou previamente na aula varios temas e arquivos PDF por se nos sorprendía un confinamento.

Os exercicios faranse de xeito offline, a través da modalidade de exercicios autocorrixibles. De ser preciso, faránselle chegar ao alumno/a outros materiais (fotocopias, un pendrive con máis temas descargados...).

## 5. AVALIACIÓN

### • AVALIACIÓN INICIAL

**Data prevista de realización:**

Despois dos datos obtidos do plan de reforzo decídese facer unha avaliación inicial baseada na chuvia de ideas e contidos do ano anterior dado a situación vivida. O bloque de matemáticas terá contidos de cálculo, razoamento matemático e resolución de problemas.

Ao longo da primeira semana de clase, realízase unha sondaxe destes contidos traballados o curso pasado.

**Tipo de proba (descricaoión):**

Proba oral e chuvia de ideas onde os rapaces lembran os contidos do curso pasado.

**Mecanismo para informar ás familias dos resultados:**

Por correo electrónico, Abalar móbil e telefonicamente.

**Consecuencias dos resultados das probas:**

Seguir traballando neste curso actual os contidos non acadados o curso pasado.

- **AVALIACIÓN CONTINUA**

**Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)**

Nesta área as probas escritas realizaranse habitualmente ao remate de cada tema ou par de temas. Isto non significa que sempre se avalíe o tema mediante unha proba escrita, pois pode complementarse cos traballos e a observación diaria, ou ben avaliarse soamente a través destes medios.

**Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)**

Segundo os estándares traballados nas diferentes probas o peso da mesma poderá variar dun trimestre a outro.

**Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información**

A avaliación levarase a cabo empregando instrumentos como listas de control, rúbricas, observación directa, portfolios... tendo como guía a adquisición dos estándares de aprendizaxe recollidos nesta programación.

A participación no equipo de traballo cooperativo e o cumprimento deses obxectivos tamén serán tidos en conta co plan de equipo.

**Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)**

Farase unha media numérica coa totalidade de probas realizadas (probas escritas, orais, traballos, actitude) sendo un 5 a nota mínima de consecución dos estándares.

• **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  <b>MATEMÁTICAS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (percentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
<b>BLOQUE 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas: 15%</b>							
MTB1.1.1. Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.	X	X	X	Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:  Caderno de clase  Diario de clase  Rexistro anecdótico  Resolución de exercicios  Posta en común  Asamblea  Probas específicas	Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados.	1%	CMCT CAA
MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.	X	X	X		Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado.	1%	CMCT CCL CAA CSIEE CD
MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.	X	X	X		Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver.	1%	CMCT CAA CSIEE
MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación.	X	X	X		Propón a resolución de retos e problemas coa precisión e o esmero apropiados ao nivel educativo.	1%	CMCT CAA



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>MATEMÁTICAS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.	X	X	X	Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:  Caderno de clase Diario de clase Rexistro anecdótico  Resolución de exercicios Posta en común Asamblea Probas específicas	Desenvolve e aplica estratexias de razoamento para facer conxecturas e defender argumentos.	8%	CMCT CCL CAA
MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.	X	X	X		Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto.	1%	CMCT CAA CSIEE
MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.			X		Utiliza a calculadora para a realización de cálculos numéricos sinxelos.	1%	CMCT CD CAA CSIEE
MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.			X		Elabora gráficos con ferramentas tecnolóxicas.	1%	CMCT CD CAA CCL CSIEE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>MATEMÁTICAS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (percentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
<b>BLOQUE 2. Números: 40%</b>							
MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.	X			Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:  Caderno de clase Diario de clase Rexistro anecdótico Resolución de exercicios Posta en común Asamblea Probas específicas	Identifica os números romanos en situacións da vida cotiá.	0,4%	CMCT CCEC
MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	X	X	X		Le, escribe, ordena e interpreta o valor de posición dos números naturais, fraccións e decimais ata as milésimas.	5%	CMCT CAA CCL
MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	X	X	X		Interpreta o valor dos números en situación da vida cotiá.	5%	CMCT CAA CCL
MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.	X	X	X		Utiliza os números negativos en contextos reais.	0,4%	CMCT

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>MATEMÁTICAS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.		X		Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:  Caderno de clase Diario de clase Rexistro anecdótico  Resolución de exercicios Posta en común Asamblea Probas específicas	Reduce dúas fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.	0,4%	CMCT
MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.		X			Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.	0,4%	CMCT
MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.		X			Ordena fraccións.	0,4%	CMCT
MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.	X				Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.	0,4%	CMCT

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>MATEMÁTICAS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.	X	X	X	Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:  Caderno de clase Diario de clase Rexistro anecdótico Resolución de exercicios  Posta en común Asamblea Probas específicas	Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.	0,4%	CMCT
MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.	X	X	X		Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, utilizándoos na resolución de problemas.	0,4%	CMCT CCL
MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.	X	X	X		Estima e comproba resultados.	0,4%	CMCT CAA
MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.	X				Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.	0,4%	CMCT

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>MATEMÁTICAS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.		X		Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:  Caderno de clase Diario de clase Rexistro anecdótico  Resolución de exercicios Posta en común Asamblea Probas específicas	Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.	0,4%	CMCT
MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais.		X	X		Realiza operacións con números decimais.	0,4%	CMCT
MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.	X	X			Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.	0,4%	CMCT CAA
MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.		X	X		Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.	0,4%	CMCT

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>MATEMÁTICAS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.		X		Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:  Caderno de clase Diario de clase Rexistro anecdótico Resolución de exercicios  Posta en común Asamblea Probas específicas	Coñece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.	0,4%	CMCT
MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais.		X			Calcula aumentos e diminucións porcentuais.	0,4%	CMCT
MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.		X			Usa a regra de tres para resolver problemas da vida diaria.	0,4%	CMCT CAA
MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.		X			Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa.	0,4%	CMCT CCL CAA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>MATEMÁTICAS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).	X	X	X	Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:  Caderno de clase Diario de clase Rexistro anecdótico  Resolución de exercicios Posta en común Asamblea Probas específicas	Suma, resta, multiplica e divide con distintos tipos de números.	10%	CMCT CAA
MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo- multiplicativa, números menores de un millón, atendendo ao valor de posición das súas cifras.	X				Descompón números menores de un millón, atendendo ao valor de posición das súas cifras.	0,4%	CMCT
MTB2.8.8. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.	X				Calcula divisores de números menores de 100.	0,4%	CMCT
MTB2.8.9. Calcula o mcm e o mcd.	X				Calcula o mcm e o mcd.	0,4%	CMCT

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>MATEMÁTICAS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (percentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
MTB2.8.10. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.		X		Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:  Caderno de clase Diario de clase  Rexistro anecdótico Resolución de exercicios Posta en común Asamblea  Probas específicas	Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.	0,4%	CMCT
MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais.		X	X		Calcula tantos por cen en situacións reais.	0,4%	CMCT
MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.	X	X	X		Emprega o cálculo mental.	0,4%	CMCT CAA
MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.	X	X	X		Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	10%	CMCT CAA CCL CSIEE



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>MATEMÁTICAS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.	X	X	X	Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:  Caderno de clase Diario de clase Rexistro anecdótico Resolución de exercicios Posta en común  Asamblea Probas específicas	Revisa o procedemento aplicado á resolución de problemas.	0,4%	CMCT CAA CCL CSIEE
BLOQUE 3. Medida: 15%							
MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.			X		Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados.	0,8%	CMCT CCL CAA
MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.			X		Mide con instrumentos, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	0,5%	CMCT CAA
MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.			X	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple.	3%	CMCT	



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>MATEMÁTICAS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (percentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.			X	Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:  Caderno de clase Diario de clase Rexistro anecdótico Resolución de exercicios Posta en común Asamblea Probas específicas	Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.	3%	CMCT
MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.			X		Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.	0,5%	CMCT
MTB3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.			X		Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.	3%	CMCT
